

## D<sup>a</sup>. ANA FERNÁNDEZ ROCA

### REPRESENTANTE DOS INTERESES SOCIAIS

Licenciada en Ciencias da Información pola Universidade Complutense de Madrid e con estudos de posgrao en Columbia University (New York).

#### ▀ Actividade profesional actual

Xornalista e CEO dunha empresa con unha traxectoria de máis de 10 anos no sector da comunicación galega.

#### ▀ Experiencia profesional

Ten unha dilatada experiencia no ámbito público como xornalista en diferentes ámbitos competenciais da Xunta de Galicia, asesora no Ministerio de Administracións Públicas do Goberno de España ou como directora de gabinete da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, así como responsable de comunicación en diversas áreas do Concello da Coruña.

Tras pasar polas redaccións do Grupo Editorial Recoletos, Cadena SER, El Ideal Gallego e La Voz de Galicia tamén desenvolveu a súa actividade profesional como socia-directora na axencia de publicidade IMAXE.

Formou parte da directiva da Asociación de Xornalistas de Galicia.

Actualmente desenvolve proxectos no ámbito da comunicación institucional e empresarial dirixindo proxectos no ámbito da consultoría de comunicación estratéxica, de crise, comunicación corporativa, persoal branding, liderado ou a organización de foros e eventos de relevancia socioeconómica.